BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Martes, 16 de febreiro de 2021
Núm. 31

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEVEDRA

Persoal, oposicións

RESOLUCIÓN QUE APROBA A RELACIÓN DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS E FIXA A DATA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR E DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO 3 PRAZAS OFICIAL DE OBRAS QUENDA PROMOCIÓN INTERNA OPE 2020

A N U N C I O

A concellería delegada do Servizo de Persoal e Cultura , en data 10/02/2021 ditou a seguinte resolución:

Número de expediente: 2020/PROCESOSELECTIVO/000024

"RESOLUCIÓN DA CONCELLERÍA DELEGADA DO SERVIZO DE PERSOAL E CULTURA POLA QUE SE APROBA A RELACIÓN DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS E SE FIXA A DATA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR E DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR TRES PRAZAS DE OFICIAL DE OBRAS, GRUPO C, SUBGRUPO C2 DA CLASE PERSOAL DE OFICIOS, SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, INCLUÍDAS NA OEP DO ANO 2020, POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA

Por Resolución da concellería delegada do Servizo de Persoal e Cultura publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 8 data 14/01/2021, fíxose pública a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as e a composición do tribunal do proceso selectivo convocado para cubrir tres prazas de oficiais de obras, Grupo C, subgrupo C2 da Clase Persoal de Oficios, Subescala de Servizos Especiais da Escala de Administración especial, incluídas na OEP do ano 2020, pola quenda de promoción interna

De conformidade co previsto nas Bases reguladoras da convocatoria, unha vez examinadas as reclamacións presentadas dentro do prazo,

R E S O L V O :

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo convocado, sen que proceda realizar ningunha modificación sobre a lista provisional:

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal Código seguro de verificación:12QRFI2I5CDV3MKG

Martes, 16 de febreiro de 2021
Núm. 31

PRAZA: OFICIAL DE OBRAS
QUENDA PROMOCIÓN INTERNA (3 PRAZAS)

ASPIRANTES ADMITIDOS/AS

1 COSTA CASAS, DIEGO

ASPIRANTES EXCLUÍDOS/AS

Os seguintes aspirantes resultan excluídos polas causas establecidas na resolución provisional de admitidos de data 11/01/2021 ao non emendar correctamente os defectos que motivan a súa exclusión :

1 ARROYO MUÑOZ, FRANCISCO

2 COUSO SUAREZ, ENRIQUE FERNANDO

Segundo.- Alegacións achegadas por don Francisco Arroyo Muñoz e don Enrique Fernando Couso Suárez.

Logo de examinar as alegacións achegadas, con data 25/01/2021, por don Francisco Arroyo Muñoz e por don Enrique Fernando Couso Suárez contra a súa exclusión na relación provisional de admitidos aprobada na devandita resolución desta concellería delegada de Persoal de data 11/01/2021, procede a súa desestimación ao non acreditarse o cumprimento do requisito de ter prestado, a lo menos, dous anos de servizo activo, como funcionario/a nalgunha das prazas recollidas na base específica 3ª, 2) das bases reguladoras da convocatoria para participar no proceso selectivo publicadas no BOP núm. 175, do 10/09/2020.

En consecuencia, desestímanse as alegacións achegadas por estes dous aspirantes, procedendo a súa exclusión definitiva ao proceso selectivo por non cumprir con todos os requisitos esixidos nas bases reguladoras da convocatoria.

Terceiro.- Determinar as datas en que terá lugar a constitución do Tribunal Cualificador e do primeiro exercicio:

Constitución do Tribunal e baremo de méritos o día 9 de abril de 2021, ás 12:00 horas, na sala de reunións da Casa Consistorial, situada na rúa Praza de España, núm.1 (planta baixa)

O primeiro exercicio terá lugar o día 15 de abril de 2021, ás 13:00 horas, na sala Bolechas da Casa da Luz, situada na Praza da Verdura (entrada polo lateral)

Cuarto.- Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos exercicios.

Quinto.- Contra a precedente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse ben o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ao amparo do establecido no artigo 124.1

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:12QRFI2I5CDV3MKG

da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra.

Así o ordena e dispón a concellería delegada no exercicio das súas atribucións delegadas, ante o Secretario da Administración Municipal, que DA FE da precedente resolución."

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:12QRFI2I5CDV3MKG